

GRAMÁTICA EXISTENCIAL:
UNHA LECTURA DA NOVELA «IRIA», DE ANXO ANGUEIRA
Xavier Queipo

Collín o Vitrasa en Camelias, camiño que levaba do Calvario e abrín “Iria”, de Anxo Angueira. Non adoito ler no autobús, mais comecei e xalogo estaba mergullado nunha atmosfera máxica, engaiolante, de prosa vizosa e imaxes en flash-back, da miña infancia nas ribeiras do Sar. A novela fala do Ulla e da Ría d’Arousa, mais as miñas lembranzas restrinxese as beiras do Sar antes de desaugar no Ulla nas lindes de Padrón e á visión que do tren eu tiña dos canavais do Ulla e os navíos a subir e baixar por Catoira na pasante das Torres do Oeste.

Outros comentadores máis doctos e mais analíticos xa lles terán contado sobre o entramado da novela, esas dúas historias paralelas: a da singradura do “Iria”, Ulla arriba e abaixo, con profusión de descrições sobre as manobras de izado e recollida de velas, de golpes de leme e travesías arriscadas e a da construción dun regadío na marxe dereita do Ulla. Tamén lles contarían como esas dúas historias van salferidas aquí e alá de historias de afogados, das que o Ulla é ben pródigo, pois é lugar común na tradición popular que os ríos dan vida mais tamén cobran o seu trabuco. Tamén lles falarían da compoñente de revolta social que agroma cara a fin da novela, que eu teño máis por mítica que por outra cousa, pois os resultados de quen gobernou eses concellos dende a morte do ditador ata hoxe mesmo son un dato obxectivo que dá para pensar que naqueles tempos había máis medo e máis silencio que vontade de revolta. Se cadra nisto estou equivocado, eu só andaba polos once anos cando aconteceu o que aquí se nara e non tiña aínda a conciencia política que logo fun desenvolvendo.

Hai nesta novela varias cousas que me chamaron a atención salvante as xa indicadas anteriormente. Farei un listado: a) na forma: a microtoponimia, o léxico náutico, o léxico ligado a fauna e flora do país e o que chamarei a “gramática existencial” b) no fondo: a presenza de personaxes secundarios, a descrición dunha economía de subsistencia, e a tolemia dunha obra hidráulica soñada por un enxeñeiro afastado da realidade por non dicir aloulado. Irei por partes.

A microtoponimia, incluíndo a talasonimia son unha das achegas máis sobranceiras, pois os nomes do país, das súas brañas, xunqueiras e canavais, dos seus cons, pedras, cabos e pasantes constitúen o auténtico galego-patrón e non aquel que os filólogos das distintas escolas (oficialistas ou reintegracionistas) van “inventando” ao longo dos anos. Como mostra esta enumeración fantástica de accidentes topográficos e talasográficos: “Camiño dun infinito de illas, insuas e illotes, de cons e morosas, de agullas, aguillóns, aguiúncos e angueiros, de areas, arnelas, arnosas, areosos, areais, ríos, regatos, vaos, bancais, bicos, bois, cabalos, bolos, cabezos, lombos, carreiros, castelos, castros, comboas, concheiros e conchidos, cousos, cruces, cubertos, fontes, esteiros, forçadas, fuciños, furados, navallas, novas, laxes, lobeiras, ostreiras, polbeiras, mesas, pombeiros, pateiros, praias, pedras, pedriñas, petóns, covas, baixos, abrigos, puntas, puntais, pragueiros, peiráns, portos, pozos, ribeiras, saltos, santos, seixos, sinais, torres, touzas, remexedoiros. Camiño dunha infinita, enferruxada, revirada rede de rías dentro da ría labirinto Arousa.” Logo están os nomes das diversas embarcacións que percorren o Ulla e a ría d’Arousa de punta a

punta dese labirinto de angras e baías, de ancoradoiros e peiraos e agochos. E tamén as artes de pesca, con rede ou amocelo, de mar ou de río, para coller lampreas, polbos, sollas, rinchas ou maragotas.

De sempre me gustou ler co dicionario a carón da mesiña auxiliar. Nin sempre é posíbel, mais faise cando se pode. Non me asusta. Eu leo para aprender, sempre foi o meu aquel, e non tanto para pasar o tempo, aínda que tamén. Lendo “Iria” síntome así transportado á xeira feliz cando de nenos distinguíamos os paxaros polo seu canto ou polo seu xeito de voar. Aquí xurden patos e parrulos, biluricos, oucas acuguladas nas beiras, trucazas, xílgaros e bubelas de voo sincopado, corvos de terra e garzas de colo encollido, gaivotas, galiñolas e avefrías, lavancos e becacinas, petos, ferreiriños, picafollas, maceiriños, merlos, estorniños, verdadeirois e mosquiteiros, mascatos que andan ás rinchas, corvos mariños ós pións, panchos, piardas e buraces, carráns, pardelas e algunha pillara.. e logo ese senfín de prantas acuáticas: xuncos, espaqdanas, canas e canivelas, orquídeas, trobiscos da ribeira, frundiños aromáticos, lirios amarelos...

Cando falo de gramática existencia refírome a ese xeito de retorcer a lingua, de anoar as frases con ases de guía, de orzar con verbos, ou achicar a frase usando partículas inauditas. Así cando leo: “E viñeno, tiveron que vir os mariñeiros de Rianxo...” ou “E os de Rianxo tróuxeno aparellos...”, as primeiras veces rilla unha chisca, mais logo un se afai e xa todo flue como se un escoitase “E viñeron, tiveron que vir os mariñeiros de Rianxo...” ou “Os de Rianxo trouxeron aparellos...” Probabelmente a norma lingüística, a pronuncia, o léxico e a prosodia que Anxo mamou no seu país e que ningunha normativa pode afastar do seu xeito de escribir e de entender a literatura. A norma, xa se sabe, está para ser transgredida e así o entendemos en Galiza, onde, sen procurar moito, o Presidente da Academia é un dos escritores menos respetuosos coa normativa, o que sería impensábel noutras latitudes menos anarquistas.

As personaxes secundarias son as miñas favoritas, algunhas polas reminiscencias propias dos seus nomes, que fan agromar en min lembranzas dun pasado que teño aínda próximo na memoria, como a de Steffan Morling, a quen un día escoitei unha conferencia sobre as dornas de Arousa, Jorgito Trulock, o inglesíño solitario, tío de Camilo José Cela, que foi o meu primeiro profesor de inglés, cando nos veráns eu ía en bicicleta da Porta dos Mariños ata Iria para que me aprenderan o inglés, ou Camilo Agrasar, barbeiro e galeguista ao que algúns chamaban con rexouba “o noivo de Rosalía”, que falaba cada domingo co meu pai cando íamos áfeira do Paseo do Espolón, ou aínda Macario, que foi moitos anos sancristán de Iria Flavia e que coidaba do camposanto de Adina, onde en tempos estivo soterrada Rosalía de Castro. Tamén outros que non coñecín como o capataz de barrenistas que lía a Otero Pedrayo ou a Rodríguez Mourullo, escritor, por certo, do que nunca máis se soubo desque escribiu as súas celebradas Memorías de Taíns.

A economía de subsistencia descríbese cando se fala das empresas que había por volta de Padrón e Cesures, a Picusa e a Nestlé entre as máis sobranceiras e pola variedade de fretes que tiñan os galeóns e que configuraban unha paisaxe industrial, se cadra precaria, mais ben menos dependente do exterior que hoxendía. O Ulla no seu curso baixo parecíase entón a moitos outros ríos que na literatura aparecen como auténticas estradas comerciais ou lugares míticos. Vén a memoria o Riofero de Xelís de Toro, o que aparece en Cárcere Verde de Xavoier Alcalá ou o río por onde suben todas as mercadorías posíbeis en El amor en tiempos del cólera, de Gabriel García Márquez, ou aqueloutro, que pode ser o Paraná, onde hai un navío varado no que

habitan uns mariñeiros fantasmas, que suxire Haroldo Conti, nesa magna obra que é Sudeste. Vaia como exemplo de actividade comercial deste noso río Ulla esta enumeración de fretes: “Empezara os dezasete anos no Dorinda cargando pedra pola beira do río para facer peirán na cerámica de Catoira. Andou na area, no sal, na madeira, na leña, nas quillas de carballo para as dornas de O Grove, no azucre, no barro, no tixolo, na tella, no leite condensado, nas latas de conserva, no peixe, nas pipas de cariñena. En todo, no aceite e na fariña. Andou no Dorinda e no Sanmanuel e no Porto de Freixo e no Eliseo e no Industrial de dous mastros. E no Espiñeiro, que é onde acabou de andar.” Esta pasaxe no só refire unha gran cantidade de mercadorías que transitaban polo Ulla, senón tamén unha mobilidade laboral importante, pois o suxeito ao que se refire andivo en seis embarcacións distintas e transportou cando menos dezaseis tipos distintos de mercadoría. Unha actividade, que hoxe foi substituída polo transporte terrestre, nin máis barato nin por suposto máis ecolóxico.

A construción dun regadío para “regar as brañas”, auténtica aberración tanto no Val do Ulla como no do Sar, que alagaban ano sí ano tamén as terras colindantes, vivina cando rapaz e lembro con precisión os comentarios da xente da aldea de Pazos, onde eu pasaba os veráns, as fins de semana e as festas de gardar. O que non ría, levaba as mans á cabeza, pois aquela era unha obra inútil, que ata onde eu sei, nunca chegou a funcionar. A desproporción da obra, o seu carácter absurdo e as dificultades que atopou para a súa finalizacións (rematou realmente, foi operativa algunha vez?) fixeron acordar en min a memoria daquel filme alucinado de Werner Herzog, Fitzcarraldo, no que un navío é transportado en seco pola selva para logo facelo aboiar no Amazonas, próximo a Manaos. Os restos daquela tolemia dun enxeñeiro franquista do Instituto Nacional de Colonización (non perdan detalle do nome) pódense ver aínda hoxe dende o tren que fai o traxecto entre a Escravitude e Catoira, onde os pozos sifonados convertéronse en cimiterios de cans ou gatos apodrecidos, onde as canles elevadas foron invadidas polas silvas ou derrubadas pola enxurrada que ven do monte e onde a estación coas bombas para coller a auga do río e levala polas canalizacións leva tempo enferruxada e triste. Hoxe na mesma comarca fanse tamén obras absurdas, polígonos industriais fantasmas, campos de baloncesto no medio do monte, pistas forestais que rematan no medio dun souto, ampliacións de estradas que empeoran o tránsito, desviacións de ríos que se converten en sumidoiros, modificacións insólitas do Camiño de Santiago, destrución de restos arquitectónicos protexidos e un longo etcétera que nos leva a pensar que en realidade non saímos aínda da ditadura da senrazón e que compre dálle unha volta a isto como sexa.

Estendínme demasiado pois todo o que me gustou desta novela “Iria”, de Anxo Angueira, xa viña referido no parágrafo terceiro desta disquisición. Unha novela escrita con paixón e dedicación (polo moito traballo que hai, o que se ve e o que non se ve) na lingua que ninguén quería, esa que ten no propio país máis inimigos que amigos, a mesma na que escribiu Rosalía de Castro, ilustre Ullán. Eu espero que a lectura lles preste, como a min me prestou.